

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEGAMP SOBRE A PARTICIPACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS NA EXECUCIÓN DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA

Na X Asemblea da Fegamp, o pleno adoptaba un acordo marco polo que se reivindicaba o rigor da xestión das entidades locais e o noso labor como axentes vertebradores e revitalizadores do territorio, ao tempo que se renovaba ante a cidadanía e as administracións da Comunidade e do Estado o compromiso de facer fronte común na defensa da nosa capacidade de xestión rigorosa e responsable e do noso valor como garantes voluntarios do desenvolvemento socioeconómico das administracións das que somos responsables.

Logo duns anos nos que facer xestión do público foi moi complicado para as entidades locais, a crise sanitaria pola COVID-19 púxonos de novo na trincheira, sendo o primeiro parapeto que atopou a cidadanía para atender as demandas e necesidades inmediatas derivadas da pandemia. Pasado un ano, os gobernos locais seguen a procurar, cos seus exclusivos recursos, o auxilio da cidadanía, non só nas súas necesidades básicas, senón tamén apoiando a actividade económica e social dos seus pobos, vilas e cidades.

Neste tempo, o Goberno de España adoptou diversas medidas para apoiar a cidadáns e empresas, cuxa provisión económica foi percibida integramente polas Comunidades Autónomas. Asemade, a través do Real Decreto-lei 5/2021 do 12 de marzo, habilitáronse medidas dirixidas ao comercio, ao sector turístico, á hostalaría e aos autónomos, e o 73% da súa dotación será xestionado polas Comunidades Autónomas, que tamén serán as destinatarias da partida de Fondos React-EU destinada a gastos de sanidade, educación, empresa e política social.

Malia ter que afrontar unha situación moi complexa só con recursos propios, as entidades locais, unha vez máis, soubemos adaptarnos e responder ás esixencias de cada momento, quedando probado que, como administración máis descentralizada, somos piares fundamentais na reconstrución económica e social dos nosos territorios e, por extensión, do conxunto do país. Xa que logo, pola nosa proximidade, capacidade de reacción inmediata e eficacia e, a redor das nosas características intrínsecas, cremos que debería pivotar a proposta de medidas de apoio e o reparto de fondos públicos.



Como parte da administración do Estado, queremos achegar o noso coñecemento e experiencia á xestión dos recursos económicos que se están a habilitar e contribuír ao seu uso eficiente. Xa que todo pasa no local, e todo pasa polo local, considéranos, e considerámonos, garantes do acceso en igualdade da cidadanía a unha carteira homoxénea de servizos e recursos. Reclámase de nós que nos involucremos nos municipios rurais e loitemos contra o seu despoboamento, que preservemos o valores ambientais, culturais, patrimoniais e paisaxísticos dos nosos territorios, sen deixar nunca de ser partícipes, se non promotores, da dinamización da economía da zona, do comercio local, do turismo e das PEMES, así como axentes creadores de emprego e riqueza e impulsores do tecido socioeconómico do noso territorio. Os concellos e deputacións, pois, somos clave na transición ecolóxica, a transformación dixital, a igualdade de xénero e a cohesión social e territorial e, polo tanto, determinantes na Axenda Urbana e Rural.

Por todo isto, e sobre a base do documento de análise *Impacto da COVID-19 no ámbito municipal. Plan de acción multifocal (2020-2021)*, aprobado pola Comisión executiva da Fegamp, e o documento aprobado pola Xunta de goberno da FEMP *Piares para a reactivación económica e social da administración local*, a Comisión executiva da Fegamp aproba por unanimidade esta declaración institucional, na que:

- Reivindica a necesidade de considerar ás entidades locais no reparto dos fondos que se están a habilitar para aplicar medidas paliativas e de reactivación socioeconómica, porque somos Estado e vertebramos o país.
- Reclama que as entidades locais deberán ser destinatarias directas do 15 % dos Fondos Europeos para a reconstrución, unha vez descontados os gastos sanitarios.
- Subscribe a *Declaración institucional da Femp sobre a participación dos gobernos locais na reconstrución económica e social de España*.
- Demanda que a distribución destes fondos teña en conta, ademais do criterio de poboación, os criterios de dispersión xeográfica e envellecemento poboacional, de capital relevancia na nosa Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela, a 20 de abril de 2021.

